



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 13 de maio de 2016

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 13/05/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 13/05/2016.
- III. Oficio 1: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre a PDA
- IV. Oficio 2: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre o encargo da materia Xeoloxía
- V. Escrito recibido da Secretaria Xeral sobre a asistencia ao Consello de Goberno.
- VI. Informe Provisional sobre a acreditación do Grao ERME
- VII. Informe Provisional sobre a acreditación do Grao EE
- VIII. Plan de Melloras do Grao ERME
- IX. Plan de Melloras do Grao EE
- X. Memoria de verificación do Programa de Doutoramento Interuniversitario USC-UVIGO en Protección do Patrimonio Cultural
- XI. Proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da ETSE de Minas
- XII. Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE Minas

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da ETS de Enxeñaría de Minas, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de abril de 2016.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de abril de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## 2. Informe da Directora

A Directora informa:

- O 8 de abril enviáronse á Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) dous oficios cos acordos tomados en Xunta de Escola respecto da PDA:

Oficio 1: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre a PDA (Anexo III).

Oficio 2: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre o encargo da materia Xeoloxía (Anexo IV).

O 11 de abril enviouse a solicitude para asistir á COAP e ao Consello de Goberno, onde se ía aprobar a PDA para o curso 2016-17. En ambos os casos denegaron a asistencia (Escrito da Secretaria Xeral, Anexo V)

O 12 de abril celebrouse a COAP onde se aprobou: 1) Unha proposta de PDA na que 90 ECTS (15 materias) comparten un só grupo A nos dous primeiros cursos dos graos, e 2) O cambio de adscrición da docencia da materia “Xeoloxía” ao departamento C10 - Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio. Desde a dirección solicitouse o acordo por escrito.

O 15 de abril celebrouse o Consello de Goberno onde se aprobou a PDA presentada pola VOAP.

- O 12 de abril os alumnos Marcos González Bello e Mariola Juncal Rosales asistiron á reunión para representantes de alumnado nas Xuntas de Centro, convocada pola área de Calidade da Universidade de Vigo, para coñecer a opinión e suxestións sobre temas de calidade do alumnado da Universidade. A dirección agradece a súa participación.
- Do 12 ao 15 de abril celebrouse o curso práctico sobre o PROGRAMA RECMIN, organizado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste con 13 inscritos. A dirección quere agradecer a Juan Ricoy Alonso, delegado en Galicia do ICOIMN e a César Castañón e Mario Zapico, profesores do curso, a organización do mesmo e espera que teña continuidade no tempo dado o interese do mesmo.

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=11225&Itemid=23](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11225&Itemid=23)

- Desde o 7 de abril e ata o 31 de maio están abertas as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais. Este ano realízanse para o alumnado de 3º dos graos e alumnado de másteres. Realizáronse diversas accións para a súa difusión. A data de hoxe a participación é **GERME: 38%; GEE:29%; MUEM:30%; MUXI:17%**. Anímase aos alumnos a participar nesta enquisa.



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



- Este ano fanse ademais enquisas de satisfacción a outros grupos de interese:
  - Egresados: Xestionado pola área de Calidade
  - Empregadores: Desde a Área de Calidade solicitaron ao centro unha listaxe de empresas e contactos para realizar as devanditas enquisas.
  - PAS: do 4 ao 31 de maio están abertas as enquisas de satisfacción do PAS. Realizáronse diversas accións para a súa difusión. Anímase ao PAS a participar nesta enquisa.
  
- O 19 de abril partiron 86 alumnos/as da ETSE de Minas ao Cartel des Mines 2016, que este ano celebrábase en París:  
[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=11240&Itemid=23](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11240&Itemid=23).  
Os resultados acadados polos alumnos/as do noso centro foron: Primeiro posto en voleibol feminino, Terceiro posto en baloncesto feminino, Quinto posto en fútbol masculino e Quinto posto en tenis. A Dirección felicita ao alumnado participante e agradece o traballo de organización á Directiva do Cartel da ETSEM.
  
- O 20 de abril a dirección participou no acto de apertura da 1ª Xornada Atlántica Xeoespacial  
[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=11252&Itemid=2](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11252&Itemid=2) que se celebrou na EE de Telecomunicacións, organizada polo Máster Interuniversitario en Xeoinformática polas Universidades de Vigo e A Coruña, adscrito ao centro, e que contou con máis de 100 inscritos. A dirección agradece esta iniciativa ao profesorado implicado na organización desta xornada que contribúe a visibilizar o centro.
  
- O 28 de abril celebrouse na Escola a entrega do "Premio ao Mellor Expediente Académico da II Promoción do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos"  
[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=11298&Itemid=23](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11298&Itemid=23) que recaeu no alumno do grao José Quiñones Costas e foi outorgado polo "Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia". Ao acto asistiu o Decano, Don Atanasio Peña Álvarez, e a Secretaria, Luz María San Pelayo Pérez. A dirección agradece ao colexio a iniciativa e á subdirectora María Araújo a organización do acto. Desde a dirección estase buscando orzamento para entregar un premio similar no GEE.



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



- O 29 de abril a Subdirectora María Araújo asistiu á Asemblea Xeral 2016 da Asociación Galega de Áridos que se celebrou en Santiago e na que se presentou a “Memoria anual de actividades da Asociación Galega de Áridos do exercicio 2.015 e proposta de actividades 2016”.
- O 29 de abril pechouse o prazo de recepción de información por parte do profesorado para a valoración da actividade docente do programa DOCENTIA. A partir desta información, xunto coa proporcionada polos centros, departamentos, servizos, áreas e vicerreitorías da UVigo, emitirase o informe de Avaliación Anual da Actividade Docente do Profesorado. A Área de Calidade ten previsto lanzar en xullo a convocatoria para a Avaliación Quinquenal da Actividade Docente do Profesorado. A participación é voluntaria e poderá ser solicitada polo profesorado que cumpra os requisitos da convocatoria: [http://calidade.uvigo.es/calidade\\_es/profesorado/docentia/documentacion/](http://calidade.uvigo.es/calidade_es/profesorado/docentia/documentacion/)
- A Comisión de Normalización Lingüística da ETSE Minas habilitou unha lista de distribución da mesma. Para subscribirse hai que ir ao link: [https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/cnl\\_eeme](https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/cnl_eeme) Tamén abriron perfís en Facebook e Twitter. Anímase á comunidade do centro para subscribirse.
- O 29 de abril enviouse un plan de difusión para o Grao ERME á Vicerreitoría de Economía e Planificación en resposta ao seu escrito no que se indicaba que o centro podía realizar accións de difusión e promoción cun límite de gasto asumido pola Vicerreitoría de 6000€ A Dirección decidiu empregar este importe en merchandising e en varias vallas publicitarias de xuño a novembro. A Dirección agradece esta iniciativa.
- O 4 de maio recibíuse o escrito de Secretaria Xeral respondendo ao rogo realizado polo profesor José Benito Vázquez Dorrío na XE do 08-04-16 solicitando que nas notificacións de cesamento de cargos unipersonais sexa incluído, como ocorría no pasado, a fórmula "agradecéndolle os servizos prestados", comunicando que xa se procedeu á súa inclusión.
- O 4 de maio a Dirección asistiu á Comisión de Calidade da UVigo. Nela presentáronse os resultados provisionais dos informes de acreditación do curso 2015-2016.




Centro certificado FIDES-AUDIT




Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/  
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



**A:9**  
**B:7**  
**C:5**  
**D:3**



- Nesa mesma Comisión elixíronse os membros da Comisión Académica de Calidade. A coordinadora de Calidade do Centro, Dona Ángeles Saavedra, foi elixida como representante do ámbito tecnolóxico.
- O 25 de abril a Dirección e a Secretaria do Centro Ángeles Saavedra mantiveron unha reunión coa área de Innovación Educativa na que se convidou ao centro para participar, e co-financiar se é necesario, no programa de mentorización da Uvigo: MEET-Uvigo (EET, FFT, FQ). O xoves 5 de maio realizouse a presentación do programa MEET-Minas. O prazo de inscrición finaliza o 16 de maio, o 24 de maio publicarase a lista de admitidos e o 1 de xuño comezará o curso. Como profesorado participan no programa Ángeles Saavedra e Itzía Goicoechea. O número de inscritos a data de hoxe é de 11 alumnos. Anímase aos alumnos a participar no programa.



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



- O 6 de maio celebrouse o Claustro Universitario. Nel aprobouse o informe preceptivo para o cambio da denominación do centro por “Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía” por 53 votos a favor, 3 en contra e 24 abstencións. Os pasos seguintes son:
  - 5º. CONSELLO DE GOBERNO: Aprobación
  - 6º. Remisión á XUNTA DE GALICIA
    - CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES para informe
  - 7º. APROBACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
    - Remisión ao RUCT
    - Publicación non DOG
    - Comunicación á Conferencia Xeral de Política Universitaria
  
- Nese mesmo Claustro elixíanse dous representantes no Consello de Goberno polo sector Decanos /Directores. A Directora da ETSE de Minas presentou a súa candidatura sendo elixida por 22 votos.
  
- O 7 de maio celebrouse a actividade de difusión do patrimonio xeolóxico GEOLODÍA 2016  
[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=11320&Itemid=47](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11320&Itemid=47) Este ano celebrouse no Campus de Vigo cunha participación dunhas 150 persoas. Foi coordinada por José Bienvenido Díez. A ETSEM participou na organización, labor levada a cabo polas profesoras Natalia Caparrini Marín e Teresa Rivas Brea coa colaboración de Hatim Dellerio e Ignacio Pérez Rey. A Dirección agradece o traballo realizado.
  
- O 9 de maio enviouse un aviso sobre a asignación de equipamento de laboratorios docentes. A data límite para a solicitude é o 10 xuño. A contía dispoñible 19000 €. As solicitudes deberán ser presentadas no rexistro do Negociado de Asuntos Xerais utilizando a ficha de solicitude (IT02-PA07) enviada. A Comisión de Calidade valorará as propostas que serán sometidas para a súa aprobación en Xunta de Escola. Enviouse tamén un histórico do reparto realizado en cursos anteriores.
  
- Do 9 de maio ao 23 de xuño, o INEGA a través de ACLUXEGA e coa colaboración da ETSEM, organiza o curso “Instalacións Xeotérmicas de





Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



climatización con Bomba de Calor”. Trátase dun curso de Teleformación teórico-práctico, con titorías a través da plataforma de formación FAITIC da Universidade de Vigo, que será impartido por profesionais con longa experiencia no sector. Inscribíronse 83 persoas.

- Completando as tarefas de accesibilidade da web pendentes, actualizáronse diversos apartados nos tres idiomas. O traballo foi realizado polo profesor Benito Vazquez Dorrió.

SEMANA DA CIENCIA: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=81>

COMISIÓN SGIC: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=503>

COMISIÓN PERMANENTE: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=102>

COORDINADORES: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=471>

COMISIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?normalizacion-linguistica>

NORMATIVAS: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=25>

CALIDADE COMISIÓN: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=429>

ACREDITACIÓN DE TÍTULOS:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES GRAO ERME:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=350>

ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES GRAO EE:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=361>

PROGRAMAS DOUTORAMENTO:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=468,0,0,1,0,0>

DELEGACIÓN DE ALUMNADO:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?delegacion>

FORO TECNOLÓXICO DE EMPREGO:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=506>

INTERNACIONAL PROGRAMAS:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=48>

PRENSA: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=13>

DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO LIBRE:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=53>

GASTOS: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=689>

ACTAS XUNTA DE ESCOLA:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=685>

ACTAS COMISIÓN PERMANENTE:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=686>

ACTAS COMISIÓN CALIDADE:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=708>

CALENDARIO ESCOLAR:



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



[http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?calendario\\_escolar](http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?calendario_escolar)

TRABALLO FIN DE GRAO: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=420>

A Dirección agradece o traballo realizado.

- O 19 de abril recibíronse os informes provisionais de acreditación dos graos cunha valoración condicionada á elaboración dun plan de melloras.

Informe Provisional Grao ERME (Anexo VI)

Informe Provisional Grao EE (Anexo VII)

A Comisión de Calidade elaborou e aprobou, na súa sesión celebrada o 11 de maio, os plans de melloras:

Plan de Melloras Grao ERME (Anexo VIII)

Plan de Melloras Grao EE (Anexo IX)

Os plans foron enviados á área de calidade para a súa remisión á ACSUG para emitir o Informe de Acreditación definitivo.

Toda a documentación sobre o proceso de acreditación de títulos do centro:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

### **3. Substitución, se procede, dun profesor na Comisión de Avaliación por Compensación do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o que resta de curso académico 2015/2016.**

Apróbase por asentimento substituír na Comisión de Avaliación por Compensación do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o que resta de curso académico 2015-2016 a Rubén López-Cancelos Ribadas por Jaime Alberto Lorenzo Mateo, ambos profesores da Área 605: Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas.

A Dirección agradece a Rubén López-Cancelos o traballo realizado.

### **4. Aprobación, se procede, da memoria de verificación do Programa de Doutoramento Interuniversitario USC-UVIGO en Protección do Patrimonio Cultural.**





Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a Memoria de Verificación deste Programa de Doutoramento, que foi aprobada pola CAPD o 9 de maio de 2016 e se achega a esta acta como anexo X.

Apróbase por asentimento a memoria de verificación do Programa de Doutoramento Interuniversitario USC-UVIGO en Protección do Patrimonio Cultural.

## **5. Modificación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno.**

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a proposta de modificación (Anexo XI). Estas modificacións consisten en 1) Corrección de erratas e 2) Modificación na composición da Comisión de Garantía de Calidade.

Apróbase por asentimento a modificación do Regulamento de Réxime Interno presentada.

## **6. Aprobación, se procede, do Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE Minas.**

A composición da CNL foi aproada na Xunta de Escola celebrada o 4 de marzo de 2016.

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a proposta de Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE Minas.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a aprobación do Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE Minas que se achega como anexo XII a esta acta.

## **7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.**

Ao non ter ningunha documentación para someter a aprobación, pásase ao seguinte punto na orde do día.

## **8. Rogos e preguntas**

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trece de maio de dous mil dezaseis.

Vº e Prace



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO I

### Convocatoria de Xunta de Escola do 13/05/2016



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO II

**Asistentes á Xunta de Escola do 13/05/2016**



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



<b>Profesorado</b>	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Araújo Fernández, María
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Correa Otero, Antonio
7.	Eguía Oller, Pablo
8.	Espada Seoane, Ángel Manuel
9.	García Bastante, Fernando
10.	Goicoechea Castaño, María Iciar
11.	González Jorge, Higinio
12.	González Rodríguez, Elena
13.	Iglesias Comesaña, Carla
14.	Liñares Méndez, Patricia
15.	Liz Marzán, Eduardo
16.	Patiño Vilas, David
17.	Rivas Brea, Teresa
18.	Saavedra González, Ángeles
19.	Taboada Castro, Javier
20.	Vázquez Dorrío, José Benito
21.	Vijande López, Javier
<b>Alumnado</b>	
22.	Blanco Losada, Iago
23.	González Bello, Marcos
24.	Juncal Rosales, Mariola
25.	Soilán Rodríguez, Mario
<b>P.A.S.</b>	
26.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola:</b>	54
<b>Asistentes:</b>	26

Escusan a súa ausencia: Jaime García Iglesias, Faustino Patiño Cambeiro, Ana M<sup>a</sup> Ulla Miguel e Iván Veleiro Pinal



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO III

### Oficio 1: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre a PDA





Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO IV

### Oficio 2: Acordo da Xunta de Escola da ETSE Minas sobre a Xeoloxía



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO V

**Escrito recibido da Secretaria Xeral sobre a asistencia ao  
Consello de Goberno**



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO VI

### Informe Provisional sobre a acreditación do Grao ERME



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO VII

### Informe Provisional sobre a acreditación do Grao EE



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO VIII

### Plan de Melloras do Grao ERME



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO IX

### Plan de Melloras do Grao EE





Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO X

### **Memoria de verificación do Programa de Doutoramento Interuniversitario USC-UVIGO en Protección Cultural**



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO XI

### **Proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da ETSE de Minas**



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## ANEXO XII

### Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE de Minas